

Galicia: territorio industrial

**A Xunta trata de atraer investimento
abaratando o solo empresarial**

A creación dun censo de solo industrial, os incentivos para a instalación de empresas ou a redución de trámites burocráticos. Estas son algunhas das medidas que máis aplauden os empresarios galegos da nova **Lei de Fomento de Implantación Empresarial de Galicia** coa que o executivo autonómico pretende frear a fuga de compañías cara o Norte de Portugal á vez que atraer investimento para o asentamento de empresas nesta comunidade autónoma. Nun territorio que conta con máis dun cento de polígonos industriais cunha superficie superior aos 47 millóns de metros cadrados, búscase colocar 17 hectáreas dese terreo que aínda queda dispoñible, mesmo cando aínda están en proxecto ou en construción novos parques que incrementarán a oferta en 25 millóns de metros cadrados.

A pesar de haber en Galicia **máis de 100 polígonos industriais, comerciais e de servizos** distribuídos nas catro provincias, e de contar cunha superficie que supera os **47 millóns de metros cadrados** para uso empresarial, moitas compañías preferiron nos últimos anos instalarse en Portugal debido ás facilidades que ofrece o país veciño para atraer empresas. Aínda que nas áreas empresariais que promove a Xunta **quedan dispoñibles arredor de 1,7 millóns de metros cadrados** e que están en proxecto ou en construción novos parques que incrementarán a oferta de terreo en máis de 25 millóns de metros cadrados, esta fuga se estaba a producir alentada ademais por unha man de obra máis barata e uns trámites burocráticos máis sinxelos.

A preocupación por esta migración empresarial que ten xa dende hai tempo o Goberno galego levouno a elaborar a **Lei de Fomento de Implantación Empresarial en Galicia**, unha normativa que, entre outras medidas, ofertará **solo gratuito para as empresas durante o primeiro ano**. Segundo explicou o director do Instituto Galego de Vivenda e Solo, **Heriberto García**, o obxectivo é axudar ás compañías que inician a súa actividade nunha etapa moi difícil para elas, xa que requiren importantes investimentos para poder construír naves, contratar traballadores ou comprar materiais nun tempo no que os beneficios aínda está por chegar. Neste sentido, un dos aspectos máis salientables do texto é o de agardar un ano antes de empezar a cobrar polo solo que utilicen estas empresas noveis e mesmo, **durante os catro seguintes exercicios, as compañías non terán que aboas os xuros**. Así mesmo, naqueles proxectos que se consideren singulares e estratéxicos, por representar un importante investimento ou xerar numerosos postos de traballo, os prazos serán máis xenerosos, con tres anos de carencia e cinco sen pagar xuros.

Solo empresarial. Pero antes de entrar a valorar a lei, convén repasar o que estas superficies empresariais representan para o tecido produtivo galego. Segundo o estudo **“Parques empresariais e polígonos industriais. Galicia 2017”**, elaborado pola sociedade de investimento inmobiliario **Kala Investments** sobre 112 infraestruturas deste tipo, a superficie total que suman supera os 47 millóns de metros cadrados, dos que



practicamente a metade se atopan na provincia da Coruña. **É tamén neste territorio onde se atopa a maioría destas áreas cun total de 42**, fronte aos **33 da de Pontevedra**, os **22 da de Lugo** e os **15 da de Ourense**. Desta forma, a distribución de superficie por provincia atópase claramente concentrada nas dúas atlánticas, que entre ambas reúnen case tres cuartas partes do total. Respecto ás outras dúas, cómpre salientar que se ben a luguesa ten un número lixeiramente superior destas instalacións –21 fronte a 16–, a ourensá suma unha superficie industrial case tres veces superior. Desta forma, **a provincia de Lugo é a que ofrece a menor superficie media por parque empresarial con 159.206 metros cadrados**, seguida pola de **Pontevedra (329.095 m²)**, a de **Ourense (543.973 m²)** e a da **Coruña (586.099 m²)**.

O informe tamén revela que **unha gran parte dos parques da comunidade autónoma teñen carácter local**, é dicir, acollen empresas que dan servizo á zona e desenvolven a súa actividade incluso no mesmo municipio ou nos colindantes. Trátase de empresas fundamentalmente de servizos como talleres, carpintarías metálicas, pequenos negocios de construción, instaladores de diversos sectores e empresas auxiliares das actividades propias da zona como o téxtil ou agroindustria, entre outras, ás que se une a loxística, fundamentalmente almacenaxe e distribución de proximidade. En total son **52 áreas** que ocupan unha superficie de **5.205.752 metros cadrados**, dos que **a maioría, 18, están na provincia de Pontevedra**, seguida da de **Lugo (16)**, a da **Coruña (13)** e a de **Ourense (5)**.

Os grandes. No lado oposto, o estudo localiza **unha ducia de grandes parques empresariais** nos que os servizos, infraestruturas e capacidades dispoñibles permiten a implantación de grandes proxectos empresariais con capacidade de actuación global, que actúan en sectores fortemente internacionalizados e nos que operan numerosas e notables grupos empresariais que xa están consolidados nesta liña en sectores claves para a economía galega: alimentación, automoción, naval, téxtil, enerxía, agroindustria, pedra ornamental, tecnoloxías da información e as telecomunicacións ou biotecnoloxía. Refírese en concreto a **15 parques empresariais**, dos que máis da metade, **oito,**

A preocupación pola migración empresarial cara o Norte de Portugal levou ao Goberno galego a elaborar a Lei de Fomento de Implantación Empresarial en Galicia



Vista panorámica do Parque Empresarial de Vilanova de Arousa

están situados na provincia da Coruña (Agrela, A Gándara, Bergondo, Bértoa, Río do Pozo, Sabón, Tambre e Teixeiro), cinco na de Pontevedra (A Granxa, As Gándaras, A Ran, Balaídos e Porto do Molle), un na de Lugo (O Ceao-As Gándaras) e un na de Ourense (San Cibrao). Todos estes polígonos suman unha superficie de **25.560.175 metros cadrados**, o 54 % do total de solo industrial de Galicia.

Ademais destes dous grupos, na catalogación destes recintos o traballo de Kala Investments deixa un espazo intermedio no que se atopan **parques empresariais de tamaño medio** suficientemente atractivos para a instalación de industrias de case calquera sector, aínda que con actividades limitadas. Aquí sitúa fundamentalmente a **empresas auxiliares** que operan dentro da comunidade autónoma, pero tamén notables casos de industrias que foron quen de medrar e consolidarse con grandes esforzos en mercados exteriores que hoxe xa están totalmente internacionalizados e que manteñen, e mesmo foron polos tractores de desenvolvemento, nas súas zonas de implantación. Son **45 polígonos** en total, dos que **21 están na provincia da Coruña, 10 na de Pontevedra, nove na de Ourense e cinco na de Lugo**. Entre todos eles suman **16.757.281 metros cadrados**, o 35 % do total, dos que a maioría corresponden a territorio coruñés (8.643.342 m²), seguido

do pontevedrés (3.512.093 m²), do ourensán (3.503.073 m²) e do lugués (1.098.773 m²).

Diferenzas. Á vista destes datos, o estudo conclúe que dos 112 parques e polígonos industriais que ten catalogados 15 superan o millón de metros cadrados, e que **a provincia da Coruña é con diferenza a que dispón de máis áreas empresariais e máis superficie**. Ademais, é a que máis se asemella na súa distribución á media da comunidade autónoma, con varias e diferenciadas áreas industriais: A Coruña, Santiago, Ferrol e Carballo. Pola súa banda, a provincia de Lugo distribúe a súa superficie empresarial case a partes iguais entre as tres tipoloxías, mentres que a de Ourense amosa un claro sesgo cara parques de maior tamaño. Por último, a de Pontevedra mantén tamén unha boa proporción que se achega á media da comunidade, posto que son esta provincia e a da Coruña as que máis inflúen no peso total, co que **a concentración no eixo norte-sur nas provincias atlánticas segue sendo unha característica**. Sen embargo, a superficie total en grandes parques é neste territorio menor que noutros, unha carencia que se ve compensada no lado contrario cunha maior superficie concentrada nos pequenos ou de carácter local, o que podería reflectir a dificultade para dispoñer aquí de grandes bolsas de solo para

Pocomaco: un dos pioneiros en Galicia



o desenvolvemento de parques e polígonos industriais. Así as cousas, o informe destaca que **Pontevedra é a provincia con maior necesidade de solo empresarial**.

A nova lei. Co obxectivo de mellorar a infraestrutura empresarial en Galicia, a Lei de Fomento de Implantación Empresarial pretende dar un novo impulso en materia de solo industrial que **axudará a desfacerse do stock que se acumulou nos anos previos á crise económica e loitar contra a deslocalización**. Trátase dunha nova medida que se vén sumar a outras levadas a cabo polo executivo de Feijóo como a política de descontos de ata o 50 % nalgunhas parcelas para incentivar a súa compra que se iniciou en 2015. Dende entón, se lograron vender 863.000 metros cadrados de solo empresarial, nos que se implantaron 32 compañías e outras 182 están en proceso de facelo. Pese a iso, aínda quedan 1,7 millóns de metros cadrados por vender.

Para presentar a nova normativa e recoller as súas achegas, a Consellería de Economía, Emprego e Industria reuniuse durante o mes de setembro con diversas organizacións empresariais, ás que lles explicou que con esta medida se simplificarán os trámites administrativos para a implantación de proxectos e se fomentarán medidas específicas para a dinamización de áreas empresariais. Tamén contempla que **a administración autonómica –que posúe entre o 60 % e o 70 % dos polígonos industriais– poida desenvolvelos parcialmente**, xa que ata agora, cando quería construír un novo parque, estaba obrigada por lei a desenvolvelo totalmente. Iso provocaba que se urbanizasen grandes extensións de terreo que quedaban abandonadas. Ademais, contempla a creación dun **censo de solo industrial** no que se rexistrará todo o dispoñible, xa que non ten datos actualizados ao respecto dende 2010. Así mesmo, **axudará economicamente aos concellos que queiran desenvolver**

O **Polígono de Comercio Maiorista da Coruña (Pocomaco)** ten as súas orixes en febreiro de 1967 coa celebración da súa Asemblea Constitutiva, pero non sería ata cinco anos máis tarde, en xullo de 1972, cando se iniciasen as obras de urbanización, uns traballos que rematarían en decembro de 1974. O investimento realizado na adquisición de terreo, urbanización e obras accesorias, facendo unha estimación actualizada, superou os 15 millóns de euros, mentres que o que se ten empregado ata a data en edificios de naves, instalacións e equipamentos suma 85,3 millóns de euros, o que eleva a cantidade investida a **máis de 100 millóns de euros**.

No polígono coruñés, que ten unha **superficie total de 736.000 metros cadrados**, dos que **479.000 se destinan a parcelas**, están instaladas actualmente **380 empresas**, que xeran **5.000 empregos directos e 2.000 indirectos**, aínda que se agarda que coa superficie totalmente construída se acaden os 6.000 postos de traballo directos. Neste sentido, neste recinto quedan aínda sete parcelas por construír que suman 19.176 metros cadrados (o 4 % do total edificable), polo que o seu grao de ocupación é do 96 %. Ademais da área destinada a parcelas, o recinto ten 256.560 metros cadrados destinados a viais, zonas verdes e servizos comúns.

Debido ao gran desenvolvemento do polígono, en 1978 fíxose necesaria a contratación dun **servizo de vixilancia**, que durante os primeiros anos se realizou en horario nocturno, pero que a partir de 1986 se estendeu ás 24 horas do día. Este servizo conta cun vehículo todo terreo e unha central receptora de alarmas.

Servizos. Esta área empresarial conta con todos os servizos necesarios para un óptimo funcionamento das empresas: edificio de información e control, **apartado ferroviario con capacidade para 200 vagóns**, estacións de servizo, oficinas bancarias, cafeterías e un hostel. Ademais destes servizos, dispón de enerxía eléctrica en alta e baixa tensión, auga, rede de sumidoiros, canalizacións telefónicas, iluminación pública e viais con amplas beiravías.

Pocomaco, cuxa **actividade primordial é a comercial**, sobre todo de empresas adicadas á **alimentación**, ao **transporte** e á **distribución** de mercadorías, o servizo de transporte público está cuberto por unha liña de autobús urbano que ten unha frecuencia media de 20 minutos dende o centro da cidade, aínda que tamén se achegan ao recinto outras dúas que, se ben non circulan polo seu interior, se intercalan cunha frecuencia de 30 minutos.

A distribución de superficie por provincia atópase claramente concentrada nas dúas atlánticas, A Coruña e Pontevedra, que entre ambas reúnen case tres cuartas partes do total



O Polígono Industrial de Barreiros consta de 77 parcelas repartidas en 77.000 metros cadrados dos 131.947 totais que ten esta área empresarial

parques pero non contan cos fondos necesarios para iso, e cobraralles en especie mediante a cesión dalgunha das parcelas resultantes.

Tramitación. A tramitación da lei de implantación empresarial no Parlamento de Galicia arricou o pasdo 12 de setembro co único apoio do Grupo Popular e o rexeitamento dos tres grupos da oposición. O deputado do PP **Miguel Tellado** foi o encargado de defendela valorándoa como unha medida que pretende “reducir a burocracia” co obxectivo de **competir co Norte de Portugal**, ao que cualificou como o “rival máis inmediato” da comunidade autónoma á hora de atraer investimentos. “Simplificar, liberalizar e potenciar” son para el os principais fins cos que nace esta lei que, segundo explicou, reducirá á metade os tempos de trámites para novos proxectos, porque a Administración “non debe ser unha fábrica de trabas da actividade económica”. En concreto falou de **liberalizar sectores como o eólico ou o forestal e de axilizar a posta en marcha de proxectos mineiros**, así como fomentar a venda de solo industrial “na situación máis vantaxosa posible”. Para iso, explicou que se creará un censo deste tipo de solo e se apoiarán os incentivos a empresas mediando cos concellos para que reduzan os impostos con compensacións. Por todo isto, o deputado popular definiu a lei como unha das “máis ambiciosas” desta lexislatura e invitou á oposición a facer achegas, xa que “o non polo non, ao final ao que leva é a facer oposición a Galicia”.

Dende as filas de En Marea, o seu deputado **Antón Sánchez** atacou o novo texto lexislativo acusándoo de pretender “converter Galicia en Katanga” para “**especializar este país en venda de materias primas baratas**” mediante unha “desregulación ambiental e desprotección do patrimonio”.

Segundo denunciou, a nova lei está feita “á medida de grandes empresas” con “nocturnidade e aleivosía”, con medidas que “cambian de arriba abaixo o modelo do sector eólico” ou da “lei da minaría”, reforzando a figura de utilidade pública. “Neoliberalismo si, pero con papá Estado detrás”, dixo o deputado de En Marea, que lle reprochou á Xunta estar traballando para “**reducir trabas administrativas para os grandes**” mentres aplica a carga da “**burocracia**” aos demandantes do tique eléctrico.

Privatización. Tamén na bancada socialista amosaron a súa disconformidade coa normativa por tratarse dunha lei “**profundamente ideolóxica**”, cuxo obxectivo é “desprestixiar á administración pública” por ter “moitas normas” para querer logo “abrir a porta á desregulación” e “xustificar a privatización”. Así o expresou o seu deputado **Abel Losada** na sesión parlamentaria na que se comezou a tramitar esta lei, un feito que tamén criticou pola súa urxencia, xa que deste xeito, segundo dixo, **os populares queren “saltarse os perceptivos informes” e os controis para aprobar unha normativa que “está mal feita”** mesmo na exposición de motivos, xa que “nin sequera fai referencia ás leis que modifica”. Criticou así mesmo que **palabras como investigación ou innovación só aparecen unha vez nas 82 páxinas** dun texto que, segundo dixo, non serve nada máis que “desregular e privatizar”, ignorando que “a solución non é eliminar procedementos”, senón que “haxa persoal público” que os axilice. Ademais, acusou ao Grupo Popular de facer un “auténtico teatro” presentando el esta iniciativa na cámara autonómica en vez de defenderse como unha norma que impulsa a Xunta, lembrando unhas palabras do conselleiro de Economía, **Francisco Conde**, ao día seguinte de rexistrar o texto no Parlamento, nas que dicía que “é un traballo de todo o Goberno no que traballaron todas as consellerías da Xunta”.



O Parque Empresarial Costa Vella, en Santiago de Compostela, foi construído en 2004 e está promovido por Emuvisa

País colonizado. Pola súa banda, a deputada do BNG **Noa Presas** anunciou o voto en contra á lei do seu grupo afirmando que o texto modificará “discrecionalmente” moitas normativas como a da minaría, o sector eólico, a lei de augas, a da conservación da natureza ou a lei do solo para “**beneficiar proxectos industriais que non beneficiarán a Galicia**”. A parlamentaria criticou a presentación desta lei mediante o trámite de urxencia, xa que o PP o utiliza para “aforrar informes” como o do Consello Económico e Social, que está a elaborar o estudo sobre unha alianza no sector industrial galego, o que “non lle interesa”. Neste sentido, sinalou que os populares baséanse nun estudo macroeconómico, pero non se esforzan en facer unha radiografía de cales son as necesidades do tecido produtivo galego e esquecen algo fundamental: “o modelo económico sempre alimenta o social”, e separalos deixaría atrás a moitos galegos aos que as cifras macroeconómicas non sacarán da precariedade. Presas cualificou a lei como “propia dun país colonizado”, baseada na enerxía, a extracción e no sector forestal, e alertou das posibles modificacións que o PP pretende introducir noutros textos lexislativos para que a lei de implantación industrial sexa utilizada polas empresas como “cabalo de Troia para facer o que lles dea a gana”. Por este motivo **instou ao Partido Popular a que diga se a nova lei será o salvoconduto para “Elnosa, Ence ou para que o Porto de Cabral sexa un centro comercial en vez dun monte comunal”**.

Na quenda de réplica, Miguel Tellado lamentou o “exercicio de hipocresía” levado a cabo pola oposición ante unha lei que “**pretende xerar industria e crear emprego**”, polo que votar en contra da proposta é “votar en contra de Galicia”. Ademais, asegurou que entende o feito de que non se comprenda como o PP pode facer unha lei en colaboración coa Xunta, xa que

Nos 15 grandes parques empresariais galegos operan numerosos e notables grupos que xa están consolidados en sectores claves para a economía galega: alimentación, automoción, naval, téxtil, enerxía, agroindustria, pedra ornamental, tecnoloxías da información e as telecomunicacións ou biotecnoloxía

cando gobernaban o PSdeG e o BNG “se facían oposición a si mesmos”. “O noso modelo non é Katanga, pero o seu é Venezuela”, contestoulle ao deputado de En Marea Antón Sánchez, ao que tamén lle replicou, así como á nacionalista Ana Presas, que “fai falta ter valor” para criticar procedementos parlamentarios, cando “xustificaron” a “burla antidemocrática” do Parlament en Cataluña.

Inmobiliarias. Fóra do Hórreo, a Lei de Fomento de Implantación Empresarial de Galicia foi ben acollida entre as patronais da comunidade autónoma, sobre todo pola **Federación Galega de Empresas Inmobiliarias (Fegein)**, unha organización que viña sendo moi crítica coa

A superficie total en grandes parques na provincia de Pontevedra é menor que noutras, unha carencia que se ve compensada cunha maior superficie en pequenos polígonos, o que podería reflectir a dificultade de dispoñer neste territorio de grandes bolsas de solo



xestión que se fixo do solo industrial e que saudou os cambios previstos polo executivo autonómico, entre outros motivos, por incluír un censo de parcelas, os incentivos para a instalación de empresas ou a redución de trámites burocráticos. Nunha nota de prensa, a entidade **apoia os incentivos para que os concellos reduzan os impostos e se consiga unha implantación empresarial satisfactoria para todas as partes como xeradores de emprego de calidade e estable**, e valora que, tras unha política “errática”, “obsoleta” e “ineficiente” das distintas administracións, se abarate o prezo do solo industrial público e se reduzan “á mínima expresión” os trámites burocráticos”. “Por isto mesmo e sendo consecuentes coa defensa dos nosos principios económicos, dende a patronal inmobiliaria galega apoiamos o contido da Lei de Fomento de Implantación Empresarial como un primeiro paso ao que teñen que seguir outros por parte da administración autonómica”, sinala o comunicado.

As inmobiliarias consideran ademais que “Portugal soubo empregar eficazmente os fondos europeos recibidos” e indican que alí existe “un procedemento moito máis áxil en canto a trámites”. Sen embargo apuntan que **aquí “vemos como os diversos trámites se eternizan anos, rematando en demasiados casos co abandono da iniciativa económica a implantar”**. “É ese o noso modelo económico?”, preguntáronse.

Para coñecer de preto a situación pola que atravesan os polígonos industriais en Galicia, **eco** púxose en contacto con diversas asociacións que reúnen a empresarios que teñen as súas compañías instaladas nestes espazos, ás que se lles preguntou polas vantaxes que comporta a ubicación nestes lugares, as necesidades máis urxentes que cómpre solucionar neles e as políticas que desenvolven as diversas administracións para dinamizalos, entre outras cuestións. Pese a terse dirixido a unha

San Cibrao: o máis grande de Galicia

Así cualifica o presidente da **Asociación de Empresarios do Polígono de San Cibrao** estas instalacións, que tamén poden presumir de ser unhas das máis antigas da comunidade autónoma. Foi en 1965 cando a Caixa de Aforros Provincial de Ourense tomou a decisión de poñer en marcha este recinto industrial, que ocupa **4.800.000 metros cadrados de superficie total** e no que na actualidade hai máis de 360 empresas instaladas que dan emprego a **máis de 8.000 traballadores**, cifras que demostran que se está a falar do primeiro foco industrial de Ourense.

Case a metade das empresas da provincia de entre 100 e 249 traballadores, un 44,4 %, teñen a súa base neste polígono, porcentaxe que se sitúa no 25 % se se está a falar de compañías de entre 250 e 500 empregados. En termos laborais, aquí xérase o **13,6 % do emprego total da bisbarra de Ourense**, que constitúe o 10,7 % do total da provincia e o 1,3 % de toda Galicia. E da súa importancia tamén da proba o feito de que 20.000 vehículos entran e saen diariamente do polígono, dos que 5.000 son de tráfico pesado.

O Polígono de San Cibrao atópase nunha situación estratéxica, xa que nun radio de dous quilómetros tamén se encontran o **Parque Empresarial de Pereiro de Aguiar**, o **Polígono de Barreiros** e a **Zona Industrial de Seixalvo**, áreas industriais que conxuntamente suman máis de 500 empresas. Ademais, neste recinto está ubicado o **Parque Tecnolóxico de Galicia-Tecnópole**, constituíndo xuntos a maior factoría combinada de produción e coñecemento da comunidade autónoma.

Municipio líder. Grazas á actividade desenvolvida nesta área, **o concello de San Cibrao é o primeiro da provincia en valor engadido bruto por habitante**, o segundo en volume de produción industrial só por detrás da capital, representa o 1,2 % da poboación total da provincia e

ducia delas, só obtivo contestación de tres –a **Asociación de Empresarios do Polígono de Pocomaco**, a **Asociación de Empresarios O Ceao-As Gándaras** e a **Asociación de Empresarios do Polígono do Ceao**–.

Vantaxes. As tres organizacións coinciden en destacar as vantaxes que supoñen para as empresas a súa localización en polígonos industriais. Así, o xerente da primeira destas agrupacións, **Alfredo Candales Pazos**, enumera as máis importantes: “**vixilancia, mantemento, sinerxía entre empresas do polígono tanto en compras como en vendas ou intercambio de servizos e zonas amplas de aparcamento**”, e neste sentido fai fincapé en que o polígono coruñés ao que representa “é punteiro en Galicia ao contar cun servizo de vixilancia de 24 horas, oficina de información, páxina web e asesoría aos empresarios”, entre outros servizos.



xera o 10 % da súa actividade industrial. Ademais, a facturación das empresas do polígono equivale ao 20 % da produción da provincia e ao 1,63 % da da comunidade autónoma.

Outras cifras que avalan o peso do Polígono de San Cibrao na economía galega sinalan que **a oitava parte do valor engadido bruto da industria galega de tableiros aglomerados**, unha actividade básica na economía de Galicia, sae destas instalacións, e que **o 70 % do VEB da alta costura galega** é achegado dende aquí. Outros sectores que contribúen a reforzar o polígono como motor industrial son o agroalimentario, o auxiliar de automoción, ou as manufacturas de novos materiais para a aeronáutica ou as enerxías renovables.

José Elías Mera Martínez, presidente da Asociación de Empresarios do Polígono de San Cibrao, subliña, pola súa banda, a **importancia que ten para unha empresa a súa ubicación, un aspecto que considera que “pode ser determinante para o seu desenvolvemento”**. Debido a iso, destaca as “vantaxes competitivas” que teñen os polígonos industriais, que lles permiten captar empresas e investidores, e que “varían dependendo moitas veces do tamaño da área”. “**A localización preto de vías de comunicación principais e de infraestruturas de transporte, servizos avanzados en tecnoloxías da informacións e as comunicacións, as facilidades para desenvolver unha actividade responsable social e medioambientalmente** ou a primeira intervención ante emerxencias son algunhas das vantaxes máis salientables, que son completadas moitas veces por outros servizos como a seguridade e a vixilancia ou as axudas para conciliar familia e traballo”, apunta.



Noa Presas, do BNG, anunciou o voto en contra do seu grupo á lei afirmando que o texto modificará “discrecionalmente” moitas normativas como a da minaría, o sector eólico, a lei de augas, a da conservación da natureza ou a lei do solo para “beneficiar proxectos industriais que non beneficiarán a Galicia”

tamén destaca as “múltiples vantaxes” das que se poden beneficiar as empresas coa súa ubicación nun polígono, pero salienta como a máis importante “a loxística”, xa que **“estar ben comunicados coas principais redes viarias e dispoñer de todos os servizos e infraestruturas que calquera empresa pode demandar” é significativo para o desenvolvemento das compañías.**

Ubicación. Preguntado pola cifra de polígonos industriais que existen en Galicia e por se a súa ubicación é a axeitada, o representante deste polígono lugués responde que **estas infraestruturas deben construírse atendendo “as necesidades empresariais de cada zona”**. Así as cousas, lamenta que haxa “polígonos de moi recente creación que están infrautilizados e non son rendibles” e outros que quedaron “escasos ou faltos de boas comunicacións”. Neste sentido, insiste na necesidade de que **“antes de implantar un polígono de dubidosa rendibilidade” cómpre “actualizar e modernizar os xa existentes, renovar as súas infraestruturas e dotalos de servizos máis avanzados”,** o que contribuiría á súa eficiencia.

Ao igual que destacou a importancia da ubicación nun polígono para unha empresa, o presidente dos empresarios de San Cibrao salienta o fundamental que é tamén a súa ubicación para este tipo de infraestruturas, así como para a súa contorna. “Non todos se ubicaron co mesmo acerto. De feito, **na pasada década promovéronse parques en zonas de Galicia nas que non había demanda e agora están sen ocupación ou sen actividade.** A política de solo industrial desta época pretendeu dar cobertura a todo o territorio e o que conseguiu foi un modelo minifundista con baixa calidade nas dotacións e nas prestacións”, critica. Sen embargo, sostén que **o solo industrial que existe nas áreas metropolitanas das grandes cidades**

Para o representante do polígono ourensán, xunto a esas vantaxes existen outras que veñen da man das organizacións empresariais que hai neses recintos, entidades que ofrecen aos seus asociados **“servizos, asesoramento e trámites e xestións de moi diversa natureza”**, como é o caso da que preside. Por esta razón, declárase non só defensor do emprazamento das empresas en polígonos, senón tamén de que esas firmas “se integren nas asociacións”, xa que dende elas “facemos máis forza para todo: de cara ás administracións e para conseguir ofrecer cada vez servizos integrais de maior calidade e proxección”.

O presidente da Comisión Xestora da Asociación de Empresarios de Ceao-Gándaras, **Francisco Dorado López,**

O deputado do PP Miguel Tellado foi o encargado de defender a lei de implantación empresarial no Parlamento de Galicia, valorándoa como unha medida que pretende “reducir a burocracia” co obxectivo de competir co Norte de Portugal

galegas “se está a aproveitar ben”, mentres que, segundo os datos que se manexan dende a Federación Galega de Parques Empresariais, hai 21 comarcas na comunidade autónoma que teñen polígonos “con medidas afastadas dos parámetros europeos de funcionalidade, algunhas delas por debaixo incluso das cinco hectáreas”.

Pola súa banda, o xerente do polígono de Pocomaco lembra ao respecto que se hai uns anos “os polígonos industriais se estudaban en función da presión dos concellos e empresarios”, **na actualidade o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), antes de iniciar a tramitación dunha destas áreas, “solicita que os empresarios realicen peticións previas co fin de coñecer o alcance das superficies e servizos que necesitan”,** facendo un estudo previo da ubicación. “Hai que ter en conta que no desenvolvemento do Plan Sectorial de Ordenación das Áreas Empresariais de Galicia se realizou unha enquisa importante cuns resultados significativos, pois se contempla que o 63,31 % das empresas entrevistadas non se atopan en polígonos industriais cos prexuízos que isto ocasiona”, explica. Segundo datos anteriores a esa enquisa, o representante do polígono coruñés non considera esaxerado o número de polígonos industriais que hai en Galicia, “sobre todo realizando os estudos previos de necesidades”, xa que as ubicacións serán as resultantes dese estudo. Non obstante, comenta que **existen polígonos “de anteriores etapas” que teñen “moi pouca ocupación” ou a súa situación é “menos estratéxica”**.

Lei de implantación. En canto á Lei de Implantación Empresarial que elaborou a Xunta co obxectivo de plantar cara á migración de empresas cara Portugal polas facilidades que ofrece o país veciños para súa instalación alí, os tres empresarios coinciden en valorala como unha medida positiva. Neste sentido, José Elías Mera expón a “preocupación” que sentiu primeiro a súa organización, “como colectivo implicado de cheo co sector industrial”, por esa fuga de compañías cara territorio luso, pero tamén destaca a “esperanza” que lles produce a medida tomada polo executivo galego para paliar esa situación. Segundo explica, dende a súa organización tamén quixeron “achegar o seu grao de area”, remitindo ao Goberno autonómico **“un informe de cales son as necesidades dos polígonos e parques industriais hoxe en día para que fosen tidas en conta na redacción da lei”** antes de que rematase o prazo para a presentación de enmendadas a finais do pasado mes de setembro.

O Ceao-As Gándaras: o foco industrial de Lugo

Situados a escasa distancia o un do outro e a tres quilómetros ao noroeste do casco urbano de Lugo, os **polígonos industriais de O Ceao e As Gándaras** constitúen o gran foco industrial da capital luguesa. A proximidade de ambos recintos coa autovía A-6 e coa circunvalación a través da N-VI para acceder á conexión con Santiago e Ourense, fan deles un lugar privilexiado para as empresas de transportes e loxística, así como para todas **as compañías que distribúen os seus produtos e servizos máis alá do termo municipal de Lugo**.

O Polígono do Ceao foi promovido en dúas fases por **Sepes (Sociedade Estatal de Promoción e Equipamento de Solo)** e foi traspasado máis tarde ao Concello de Lugo. A primeira fase inaugurouse en 1979 e ten unha superficie de 724.930 metros cadrados. A segunda fase, coñecida como Sector IN-F, ampliou a súa extensión con outros 300.000 metros cadrados, deixando o total do polígono con **máis dun millón de metros cadrados de superficie bruta**.

Na actualidade **están urbanizadas e vendidas a totalidade das parcelas, aínda que a porcentaxe de ocupación se achega ao 90 %**. Por este motivo, ao estar próximo á saturación, xurdiu a necesidade de ampliar o solo industrial creando un novo polígono, o das Gándaras, contiguo a el. **Xestur** foi a entidade encargada de promocionar e xestionar este novo parque empresarial, no que está previsto urbanizar un total de **2.135.512 metros cadrados brutos, dos que máis dun millón se distribuirán en 237 parcelas**. A primeira fase destas instalacións inaugurouse en 2011 e consta de 870.000 metros cadrados (370.000 netos).



Asociación. Para fomentar a unión entre as empresas instaladas aquí, en 1978 creouse a **Asociación Empresarial de Industrias de Transformación do Polígono do Ceao**, unha organización que entre os seus obxectivos tamén ten o de defender de forma conxunta ante as diferentes administracións públicas e demais institucións os intereses dos seus asociados. A finais do ano pasado, a asociación contemplou a posibilidade de ampliar o seu campo de acción integrando ao Polígono das Gándaras, unión que se fixo posible por acordo unánime da asemblea xeral extraordinaria celebrada en decembro de 2016.

A lei de implantación empresarial foi ben acollida entre as patronais de Galicia

Así as cousas, agarda que esta medida acade a súa meta de “atraer e consolidar investimentos na comunidade”, así como “dar tamén facilidades ás firmas que xa están aquí e queren medrar, tratando de que non muden de emprazamento”. Para iso, o representante dos empresarios do polígono ourensán afirma que **cómpre “dar facilidades” ás compañías que chegan e “ter os instrumentos necesarios para competir”**. “Confiamos en que a lei conxugue estas e outras ferramentas para que Galicia sexa un lugar atractivo para os investidores e emprendedores ofrecéndolles menos burocracia, máis axilidade administrativa e incentivos fiscais e financeiros. A creación de emprego comeza por medidas deste tipo,

que consigan fixar as empresas ao territorio e facilitar a súa competitividade”, engade.

Benvida. Dende o Polígono do Ceao, Francisco Dorado tamén acolle con agrado a nova lei en tanto que **“neste momento calquera iniciativa que impida a marcha das nosas empresas é crucial”**. Dende esa perspectiva, dá a súa “benvida” á nova normativa, deixando claro que “a Administración debe dar resposta ás necesidades empresariais naquelas áreas xeográficas onde se demande”. “A Lei de Implantación Empresarial pretende dar máis facilidades para a adquisición de parcelas, axilizar os trámites de posta en marcha da



empresa, de igual forma que insta ás aos concellos a suprimir ou rebaixar os impostos locais: o IBI, o IAE, as licencias de obra, etc. Como comprenderá, **se isto é así, facilitaríase enormemente a implantación de empresas**, feito que nestes momentos é de vital interese económico”, aduce.

E considerando tamén que “todo o que supoña dar facilidades para a implantación de industrias é positivo para as empresas”, Alfredo Candales destaca tres aspectos nos que sería necesario achegar esta facilidades: **“desenvolvementos urbanísticos**, que son na actualidade lentos e molestos; **facilidades de pagamento na adquisición de solo**, e **bonificacións en taxas**, impostos de obras e instalacións, podendo ser en función do número de postos de traballo que se manteñen ou se crean”.

Escaso apoio. Para o representante dos empresarios do Polígono de Pocomaco, as políticas levadas a cabo pola Xunta en materia de parques empresariais non representaron “ata o momento un gran labor” e só destaca delas **“as subvencións anuais para o mantemento ou mellora dos parques empresariais recepcionados polos concellos”**. Para o dos do Ceao, pola súa banda, **existen aínda “bastantes necesidades” nestas áreas, “sobre todo nas antigas”, que se deberían atender de forma prioritaria**, polo que “as asociacións empresariais representativas dos polígonos deberían ser interlocutores necesarios para as administracións públicas”, co fin de “detectar as deficiencias e analizar as solucións máis axeitadas a cada área empresarial”. Neste sentido, critica que as organizacións como a que representa “nos sentimos un pouco abandonadas polos poderes públicos”.

O presidente da Asociación de Empresarios do Polígono de San Cibrao concreta máis na súa valoración sobre as políticas que desenvolve a Xunta sobre estes

O presidente dos empresarios do Polígono de San Cibrao, José Elías Mera, lamenta que durante a pasada década se promovesen parques en zonas nas que non había demanda e agora están sen ocupación ou sen actividade



‘Concellos Doing Business’

O presidente da Xunta, **Alberto Núñez Feijóo**, e o da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), **Alfredo García Rodríguez**, asinaron o pasado 10 de outubro un convenio de colaboración mediante o que se crea a figura dos ‘**Concellos Doing Business**’, unha iniciativa que ten por obxectivo atraer novos investimentos a Galicia. Durante a sinatura do acordo, o titular do executivo galego incidiu en que **o papel dos concellos que se sumen a esta iniciativa será fundamental para ampliar o alcance das medidas fiscais que recolle o novo texto normativo**, unha lei coa que se busca “**atraer novas empresas, investimento e emprendedores, e, en consecuencia, máis emprego**, achegándolles máis incentivos fiscais, menos papelame administrativo e unha oferta de solo industrial coas mellores condicións que se deron nunca en Galicia”.

Segundo explicou Feijóo, un ‘Concello Doing Business’ será aquel que ofrezca ás empresas que vaian instalarse nalgún dos seus polígonos industriais **rebaixas de ata o 95 % no Imposto de Bens Inmóveis, no Imposto de Actividades Económicas e no Imposto sobre Construción, Instalacións e Obras**. “Estamos a falar de incentivos fiscais a cambio dun compromiso de creación de emprego por parte das empresas”, dixo, precisando que recibirán ata o 95% de bonificación cando o proxecto implique a creación

de máis de 20 postos de traballo; de ata o 75%, cando supoña a contratación de entre 11 e 20 persoas; e como mínimo beneficiaranse dunha rebaixa do 50% nestes impostos se é de ata 10 o número de empregos previstos.

Así mesmo, outro dos compromisos que asumen os ‘Concellos Doing Business’ é **non esixir a taxa por licenza de obra e apertura en todos os proxectos empresariais vinculados aos obxectivos da Industria 4.0 ou da RIS3**. E, en consonancia coa axilidade administrativa que persegue a lei, **a concesión das licenzas de obra maior tramitárase nun prazo máximo de 30 días naturais dende que se dispón da documentación completa e de todos os informes sectoriais preceptivos**. No relativo ao solo industrial, Feijóo salientou que os municipios que sexan titulares de parcelas adoptan o compromiso de fixar prezos competitivos, establecendo bonificación ou permitindo o dereito de superficie.

Preferencias. Ao mesmo tempo, e de acordo con este convenio marco, Feijóo salientou que **os concellos adheridos se beneficiarán das medidas que a Xunta poña en marcha para apoiar o tecido empresarial**. É dicir, naquelas axudas autonómicas destinadas a impulsar a industria, o emprego ou o emprendemento, estes concellos terán preferencia cando as convocatorias sexan en réxime de concorrencia competitiva.

espazos e destaca que **a medida de rebaixar entre un 15 % e un 50 % o prezo do solo industrial “vai favorecer os procesos de relocalización en Galicia”**, á vez que “axudará á competitividade de cara a articular a industria 4.0, da que xa hai destacados exemplos na nosa comunidade que son modelo noutras empresas”. Segundo explica, a rebaixa de ata o 50 % fai posible que parques empresariais ubicados en zonas que requiren dun apoio especial, como os das provincias de Lugo e Ourense, se vexan favorecidos, “o que constitúe unha oportunidade tanxible, eficaz e efectiva para impulsar a iniciativa empresarial”. Ademais, di que con estes incentivos Xestur pretende que “ningún proxecto industrial quede polo camiño ou busque outro lugar onde desenvolverse por culpa do prezo do solo”. Neste punto, destaca que a fusión das entidades provinciais nas que se subdividía esta sociedade nunha única centralizada contribuíu positivamente neste sentido, “xa que se logrou unha maior coordinación, ademais de racionalizar e optimizar o seu funcionamento.

Necesidades. A pesar destes avances, Mera Martínez ten varias peticións que facer ás distintas administracións que están implicadas no desenvolvemento e o mantemento dos polígonos, aínda que nesta tarefa tamén estean vinculados os promotores e as organizacións empresariais constituídas en cada un deles. Segundo explica **as complicacións, como ocorre con calquera instalación,**

non xorden cando un polígono é novo, senón que aparecen “co paso do tempo” en forma de “avarías, o desgaste de elementos e infraestruturas, a obsolescencia de servizos e outros factores que fan medrar o descontento entre os empresarios”. Debido a este paso do tempo, comenta que os responsables dos polígonos se ven nunha obriga permanente de “adaptarnos á realidade cambiante do mundo empresarial, que muda vertixinosamente”. Así as cousas, sinala que o seu deber é **“manter o polígono en perfectas condicións, introducindo novos elementos, infraestruturas, dotacións ou servizos acordes coas esixencias normativas, as necesidades das empresas ou a evolución tecnolóxica”**. Para levar a cabo moitas destas actuacións, indica que as asociacións como a que representa teñen que “solicitar de seguido a intervención da administración pública competente en cada caso”.

Sen embargo, lamenta que a Administración non sempre responda de modo axeitado a estas reclamacións, sobre todo a local que, segundo critica, “non sempre leva a cabo axeitada e satisfactoriamente estes labores de conservación e mantemento, moitas veces por falta de recursos, o que fai que **sexan os propios empresarios alí instalados os que a cotío se fagan cargo de servizos de conservación de elementos comúns**”. Por esta razón, sinala que lle están a pedir sempre ás administracións, non só que doten a estas áreas das “ferramentas e servizos para funcionar en condicións óptimas

Durante a súa intervención, Feijóo referiuse a este convenio como un exemplo de unidade e de lealdade institucional en favor do investimento en Galicia. E, polo tanto, para consolidar o crecemento económico da Comunidade e o benestar dos galegos. “Crecemos a un ritmo superior ao 3% nos últimos tres anos, levamos varios exercicios batendo récords de exportacións e Galicia xa recuperou case a metade dos empregos perdidos durante a crise”, aseverou, facendo fincapé en que esa mellora económica é a que hai que consolidar e traducir en forma de **máis axudas ás familias, menos impostos, máis investimento en servizos públicos e en máis recursos para apoiar a innovación e o emprego**.



Alberto Núñez Feijóo (esquerda) e Alfredo García Rodríguez asinaron o convenio de colaboración o pasado 10 de outubro no Pazo de Raxoi

para as empresas e atraer a instalación doutras”, senón tamén que os polígonos “sexan mantidos e renovados adecuadamente para que a competitividade desas firmas nin decaiga nin estea por debaixo da esperada”. Trátase para el de que **a implicación das administracións sexa “constante e acorde co potencial dos polígonos, un potencial que só se consegue manter coa calidade dos servizos e dotacións”**.

En relación a estes servizos, explica que os máis demandados polos empresarios e polos traballadores nos polígonos teñen que ver coa **“vixilancia, televixilancia, recollida selectiva..., todo un conxunto de actuacións necesarias para operar nestes espazos”**. “As dificultades xorden á hora de abordar estes servizos comúns, que normalmente teñen un custo importante de investimento e é necesaria unha masa crítica suficiente para poder poñelos en marcha”, engade.

San Cibrao. Referíndose en concreto ao seu polígono, o de San Cibrao, afirma que hai tres actuacións prioritarias que urxe levar a cabo “para dar un salto cualitativo” nestas instalacións: **“o enlace do recinto coa A-52, un transporte metropolitano áxil e eficiente que poida dar servizo aos máis de 8.000 traballadores que se achegan aquí cada día, e o impulso e posta en marcha definitiva da Cidade do Transporte”**. En canto á primeira destas actuacións, comenta que “vai xa algo máis dunha década desta reivindicación”, pero lamenta que “ano tras ano as constantes peticións ás administracións para que se materialice este vial” non son atendidas. A este respecto, indica que pese a que o proxecto recibe asignación orzamentaria por parte das administracións, a obra segue sen iniciarse. “Dende a asociación confiamos en que 2017 sexa definitivamente o ano de arrinque da construción do proxecto. Por iso, para estar vixiantes en cuestións tan fundamentais como a execución do orzamento e o cumprimento dos prazos e os compromisos, puxemos

Francisco Dorado (O Ceao-As Gándaras): “A lei de implantación empresarial pretende dar máis facilidades para a adquisición de parcelas, axilizar os trámites de posta en marcha da empresa e insta aos concellos a suprimir ou rebaixar impostos.”



No polígono coruñés de Pocomaco están instaladas 380 empresas que dan emprego a 5.000 persoas de forma directa

Alfredo Candaes (Pocomaco): “Todo o que supoña facilidades para a implantación de industrias é positivo para as empresas. A nova lei de axilizar os desenvolvementos urbanísticos, dar facilidades de pagamento na adquisición de solo e conceder bonificacións en taxas, e en impostos de obras e instalacións”

en marcha unha comisión de seguemento que se encargará de elaborar informes e conclusións a medida que avance a infraestrutura. A última información que temos con respecto a este proxecto é a convocatoria, por parte da Xunta, aos propietarios dos terreos afectados polas obras de conexión para realizar o levantamento de actas de ocupación”, engade.

Das outras dúas demandas, o representante dos empresarios do polígono ourensán di que a súa consecución situaría a este recinto industrial, “o máis grande de Galicia”, como “exemplo de xestión no transporte”, xa que sería un “**polo de atracción de empresas dese sector na Cidade do Transporte**”, para a que pide “o pulo definitivo e promoción por parte da Xunta”. Pero tamén comenta que suporía a “diminución de fumes, tráfico, contaminación e ruído”, ao conseguir “un transporte metropolitano axil e eficaz que poida dar servizo á xente que acude aquí ao seu posto de traballo dende os concellos limítrofes”.

O Ceao-As Gándaras. Dende o Polígono do Ceao, Dorado López pediríalles aos responsables das distintas administracións implicadas no desenvolvemento e mantemento destes recintos que se pasasen por eles para ver “as deficiencias e necesidades” que ten cada un. “**Suxiro que fagan visitas por todos eles e que pidan aos representantes empresariais destas áreas industriais as demandas e necesidades de cada un deles**”, comenta. Polo que respecta aos polígonos que inclúe a súa asociación, os dous que hai en Lugo capital, sinala que o das Gándaras, ao ser de moi recente creación, “as súas necesidades son menores”, pero que nel, ao igual que no do Ceao, “**a seguridade é un tema de máxima prioridade que urxe solucionar**”. Para este último polígono, destaca como necesidades “a creación de novas áreas de aparcamentos, o soterramento de liñas de alta tensión, a ampliación de horarios nas liñas de autobuses urbanos, a limpeza, a implantación dunha gardaría e a activación das cámara de seguridade”.

Pocomaco. Pola súa banda, o que lles pediría ás institucións Candaes Pazos se resume en “**facilidades en desenvolvemento e adquisición**”, pero tamén lles suxire que, coa venda da parcela, consideren “**a creación dunha comunidade de propietarios que represente ás distintas empresas instaladas no polígono**”. E para o seu, o de Pocomaco, reclama “**a recepción do polígono por parte do Concello**”, xa que a súa organización leva moitos anos manténdoo á vez que aboa todos os impostos “cunha mínima repercusión no parque empresarial”. Ademais, comenta que, debido ás expropiacións da nova autovía AC-14, “que mellorou considerablemente as comunicacións”, quedáronse sen edificio social, xa que foi necesario demolelo, polo que actualmente están “iniciando todas as tramitacións para a construción dun novo”. ■

CAPITÁN, MANDE FIRMES

CATALUÑA SE VA DE ESPAÑA



Ernesto S. Pombo
PERIODISTA

MIENTRAS LAS CLASES MÁS PRIVILEGIADAS MANTENÍAN INTACTAS Y ACRECENTABAN SUS ANSIAS SEPARATISTAS, NUESTROS POLÍTICOS SE JACTABAN DE HABLAR CATALÁN EN LA INTIMIDAD

No creamos que lo que está ocurriendo en Cataluña se debe a las erróneas políticas de los últimos tiempos. Estas sirvieron para agudizar y acelerar la carrera hacia ninguna parte, pero hace ya décadas que los catalanes comenzaron a dejar España aunque su materialización llegue de la mano de Carles Puigdemont que no hace más que recoger el testigo y poner sobre el papel lo que ya existía de facto.

El que vivimos es el cuarto intento de Cataluña de dejar España. Todos fracasados, el último solo por el momento, pero todos con el balance de servir para dar un paso más hacia ese anhelo de una gran parte de la ciudadanía que ha permanecido latente. Si fuéramos sinceros reconoceríamos que siempre supimos que Cataluña no es España; que la burguesía, las élites y las clases más privilegiadas se creyeron siempre independientes de los problemas y los logros españoles; que los catalanes en general miraron al resto de los españoles por encima del hombro. Y que a ello contribuyeron los beneficios que desde el franquismo hasta el último presidente democrático les otorgaron y que les sirvieron para construir una comunidad que camina por delante de las demás.

Resulta políticamente incorrecto y hasta atrevido decirlo. Incluso más, a quienes se niegan a reconocer la identidad catalana les resulta subversivo, pero no hay más que releer la historia para llegar a esta conclusión. No hace mucho, mientras la burguesía, el empresariado y las clases más privilegiadas mantenían intactas y acrecentaban sus ansias separatistas, nuestros políticos se jactaban de hablar catalán en la intimidad a cambio de su apoyo para gobernar. Pocos años antes **habíamos invertido gran parte de nuestra riqueza en dotarlos de unas infraestructuras de las que los demás carecíamos** y de abrirles la puerta del mundo a través de unos Juegos Olímpicos que sufragamos entre todos.

Lo que está ocurriendo en Cataluña no se inició ayer por la mañana. Ni lo alientan quienes

ocupan las calles y plazas de las principales ciudades. Lo iniciaron y lo promovieron las clases más favorecidas que dicen poder mantener su estatus social y económico con una independencia-dependiente de España en aquellos asuntos que les convengan. El sueño, o la realidad –que nunca se sabe–, de ser independientes de un Estado que les roba, lo tuvieron los grandes clanes empresariales que crecieron gracias a la mano de obra que importaron de regiones más pobres. Y que aún siguen importando. **Lo de Cataluña es la revolución de los ricos.**

Pero sea lo que sea, que algunos lo tenemos muy claro, lo cierto es que Cataluña está dejando España, y últimamente lo hace a pasos agigantados. Este puede ser el final de un larguísimo proceso de desconexión, de un desencuentro histórico y de una ausencia absoluta de diplomacia para poder reconducir, o al menos intentarlo, las discrepancias.

Porque en la desidia y la falta de iniciativa estuvo gran parte del desencuentro. **Se permitió que desde todos los ámbitos de la sociedad catalana se argumentase con datos falseados, con situaciones inexistentes** y con episodios históricos imaginarios. Se permitió que la burguesía catalana, el empresariado y las clases adineradas –contrariamente a lo que ocurre en el resto de las nacionalidades, donde la bandera nacionalista la llevan los más comprometidos y solidarios–, creasen un mundo imaginario a su medida. Y nadie tuvo el coraje y la decisión de contraargumentar y de desbaratar la estrategia separatista.

Puede que Cataluña se haya alejado ya demasiado de España en ese viaje de separación. Puede que se reconduzca la crisis que ya lo es de Estado. Pero este no es un problema que haya surgido hace unas semanas, ni unos meses. Hace años que se viene alimentando, insisto, por parte de las clases más privilegiadas, de las élites económicas y empresariales, esas aspiraciones independentistas que ahora han reventado en las calles.